

INFORMACIÓN AOS MEDIOS**INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NO ACTO ACADÉMICO DE INICIO DO CURSO UNIVERSITARIO 2009-2010**

A Coruña, 11 de setembro de 2009-.

Magníficos señores reitores das universidades galegas, señores presidentes dos consellos sociais, señor conselleiro de Educación da Xunta de Galicia, autoridades presentes, benqueridos profesores e alumnos, amigas e amigos.

Mais alá dos deberes propiamente protocolarios, este acto ten para quen lles fala un dobre significado.

É a primeira apertura do curso universitario que teño a honra de presidir, e iso supón unha carga emotiva adicional para alguén coma mín que foi alumno, e atesoura na memoria experiencias e coñecementos que moldearon a miña vida. Teño polo tanto a obriga de dar as grazas por elo a esta institución.

O segundo motivo que fai desta xuntanza algo especial, é que a Universidade galega resume na súa historia a propia historia de Galicia. Xunto a unha Universidade emparentada cos centros de ensino superior mais antigos do mundo, hai outras dúas nadas coa autonomía.

Como en tantos outros aspectos do noso ser, o tradicional e o moderno se mesturan, e fano harmonicamente, cunha influencia mutua que nos enriquece. É este compendio do novo e do vello que se plasma na institución que hoxe nos acolle, o que me anima a compartir con vostedes unha reflexión sobre a Galicia que nos une, e o papel que entendo debe xogar a nosa universidade do século XXI.

Unha universidade que, tal e como acaba de reflector o Reitor da Universidade da Coruña no seu discurso, inicia este curso académico con novos retos e desafíos, derivados moi especialmente da adaptación das titulacións ó novo Espazo Europeo de Educación Superior.

É un momento de cambio, é certo, pero no que as universidades teñen a responsabilidade de saber ler o futuro para mellorar a formación dos nosos estudantes, e aportar o seu coñecemento na modernización e dinamización de Galicia.

Bolonia supón a necesidade de adaptarse a un novo contexto, pero ó mesmo tempo é unha fonte de oportunidades para traballar na mellora da educación superior do noso país e na formación dos nosos universitarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nestes momentos mais que nunca, permitídmeme trasladar o meu agradecemento e recoñecemento pola labor que estades a xogar o conxunto da comunidade universitaria: profesores, alumnos e autoridades académicas. Gracias polo voso compromiso coa educación, coa universidades e con Galicia.

Benqueridos amigos, o mellor que ten Galicia é, sen lugar a dúbidas, o seu capital humano. Un capital humano cun enorme talento e unhas posibilidades sen límites. Aproveitar este talento, como principal capital do noso país, é unha tarefa na que debemos estar implicados todos, administracións, profesores e por suposto, os propios alumnos.

Nestes momentos, Galicia protagoniza unha enorme revolución tranquila. Nos últimos anos, cambiou a política, a cultura, a economía, o coñecemento, a súa integración en España i en Europa, e o cambio produciuse sen que se abrisen fendas nunha sociedade afeita á tolerancia.

Galicia superou con acerto as dúas primeiras etapas do percorrido autonómico, e que agora é o momento de iniciar unha nova, cun obxectivo novo, aínda que coas mesmas forzas e ilusións que nos permitiron chegar onde estamos.

Na primeira etapa, o noso país, en efecto, culminou con éxito a institucionalización do autogoberno, malia non ter ningunha experiencia parlamentaria autóctona na que inspirarse.

Na segunda etapa toda Galicia traballa nun período destinado a completar o entramado institucional simbólico e institucional cos alicerces dunha Autonomía do Benestar. Infraestruturas, Educación, Sanidade, Servizos Sociais, volven a poñer a proba a eficacia do autogoberno, tanto para afrontar por si mesmo retos importantes, como para reclamar e negociar o concurso doutras administracións. Os resultados están espallados por todos os recunchos do país, e vense aquí mesmo nunhas universidades que seguen a ser orgullo de Galicia.

Cada un destas etapas ou tramos inspírase nunha idea, nunha formulación de Galicia. Se a primeira ten a forza motriz da Galicia simbólica ou institucional, a segunda seguirá despois a bandeira da Galicia pragmática. A terceira que quero propoñer nesta acto de apertura do curso académico, quere configurar unha Galicia Global, de cara acadar, en todos os eidos, o funcionamento do país como unha Cidade Única, unha Cidade unida. Capaz de competir, nas mellores condicións, coas máis potentes rexións europeas; e, á vez, coa posibilidade de equipararse ás principais capitais do continente.

O camiño que leva a esa Galicia Global, está marcado nesa sentenza de Adolfo Suárez que serviu de fermoso limiar á chegada da democracia. Elevar á categoría política de normal, o que na rúa é completamente normal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A globalización interna do país que eu lles suxiro, é unha realidade normal para a maioría de cidadáns i empresas que senten Galicia coma un espazo único para as súas relacións, o seu traballo ou os seus negocios.

Existe unha sociedade galega, con problemas galegos que requiren solucións galegas.

A Galicia Global, a Galicia única non é unha esixencia retórica, senón un requisito para que o noso país aproveite as súas capacidades no escenario imposto pola crise e as súas secuelas posteriores. Curros Enríquez o expresaba moi ben hai algo mais de cen anos cando remataba o seu canto dicindo que na “unión dos bos galegos está da patria o porvir “

Necesitamos aplicar na casa a globalización que os nosos emprendedores e universitarios aproveitan fora.

Unha vez que Galicia atopa o seu lugar en España i en Europa, é tempo de facer unha introspección doméstica e preguntarnos qué podemos facer para que a nosa forza non se disipe.

A resposta non pode ser soamente governamental, pero non quero esgotar a súa paciencia sen esbozar antes os puntos que eu considero fundamentais para achegarnos á Galicia Global, ao país entendido como Cidade Única.

-É necesaria unha maior cooperación administrativa, que contemple as grandes áreas metropolitanas e non exclúa unha racionalización do mapa municipal.

-É aconsellable definir entre todos unha política portuaria e aeroportuaria galega, capaz de aproveitar a nosa posición como porta de entrada a Europa.

-É desexable que nos procesos de localización ou deslocalización industrial que se produzan, se contemple o interese global do país.

E por suposto, o sistema universitario galego ten que seguir traballando no seu compromiso de coordinarse e traballar como anuncia o reitor desta Universidade de A Coruña, desde a autonomía de cada universidade, neste obxectivo común que é a Galicia Global, a Galicia unida.

Todos debemos estar xuntos no compromiso de mellorar a calidade na docencia, potenciar a formación no postgrado e doutorado, impulsar a investigación, favorecer a mobilidade de profesores e estudantes, e a internacionalización do noso sistema universitario galego.

Máis dunha década da miña vida adiqueina a demostrar que “os Servicios Públicos poden ser eficientes”, traballando na Sanidade e nos Servicios Postais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis dunha década defendín, igual que hoxe o fai o reitor, que o gasto en Sanidade, e por suposto en Universidade, hai que velo na dobre perspectiva de gasto e investimento.

É certo que no contexto de crise económica, cunha previsión de restricción no presuposto da Comunidade Autónoma, temos que ser realistas, e necesariamente haberá que actuar con responsabilidade e priorizar as actividades que se deben potenciar dende as universidades.

E isto significará, entre outras medidas, poñer o acento na investigación e na innovación, dúas das ferramentas mais útiles para saír da crise. A vinculación Universidade-Empresa debería ser, neste sentido, uns dos factores dinamizadores da economía galega.

A Administración autonómica debe facer os seus deberes e, así, estamos a traballar na coordinación real do I+D+i coa creación dunha única Axencia de I+D+i que aglutine presupostos e estratexias

En definitiva, o éxito deste proceso estará, sen dúbida, en saber planificar ben o futuro das universidades, investindo con eficiencia e responsabilidade. E neste compromiso a Xunta de Galicia non regateará ningún esforzo e actuará sempre con lealdade porque somos conscientes de que a Galicia Global pasa necesariamente pola universidade global.

Sei que non é doado. Tampouco o era cimentar un autogoberno, recuperar o orgullo da nosa cidadanía ou contar con tres universidades respectadas en todo o mundo.

Confío en superalo, creo na Galicia Global, na Galicia Única, e sei que nesa superación terá unha responsabilidade importante a Universidade. As Universidades de hoxe lucen coma a Torre de Hércules que nos contempla, coma eses faros que onte guiaban ao navegante e foron o comezo da primeira globalización. Delas esperamos axuda, inspiración e impulso

Moitas grazas